

# FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2023

## Intenso e solidario feminismo. Estudos rosalianos


**Diego Rivadulla Costa**

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

# Intenso e solidario feminismo. Estudos rosalianos

 María Pilar García Negro

Introdución, escolma e edición de  
Carme Fernández Pérez-Sanjulián



 A Coruña

 Servizo de Publicacións da UdC

 2023

 228 pax.

RECENSIÓN

**Diego Rivadulla Costa**  
Universidade da Coruña

A extensa e prolífica traxectoria investigadora da profesora honoraria da Universidade da Coruña M.<sup>a</sup> Pilar García Negro é indiscutibelmente coñecida. A sociolingüística, a iuslingüística ou a lingua e literatura galegas foron os seus campos de atención preferente e a eles ten dedicado numerosas publicacións –algunhas merecentes de destacados galardóns como o Premio de Ensaio Vicente Risco– desde hai máis de catro décadas e até o día de hoxe. No tocante á historia e a crítica literarias, destacan os seus traballos sobre Castelao, Valentín Lamas Carvajal, Ricardo Carvalho Calero, Uxío Novoneyra, Marica Campo, Ramón Vilar Ponte, Manuel María e, moi especialmente, Rosalía de Castro, autora sobre a que García Negro conta cunha vastísima produción bibliográfica que abrangue desde capítulos incluídos en volumes colectivos, artigos de revistas académicas, textos divulgativos en publicacións periódicas ou relatorios en congresos até os libros de obrigada referencia *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo* (Sotelo Blanco, 2010) ou *Cantares Gallegos, hoxe: unha lectura actualizada de Rosalía de Castro* (Alvarellos, 2013).

Esta intensa e prolongada dedicación á obra da escritora fundacional da literatura galega contemporánea é a razón de ser de *Intenso e solidario feminismo. Estudos rosalianos*, libro que vén de editar o Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña e co que o Grupo de Investigación Lingüística e Literaria da UDC quixo homenaxear á eminente especialista. Trátase dunha antoloxía composta de quince traballos de natureza diversa, dez artigos e cinco capítulos de libro, publicados entre os anos 1980 e 2022, que ofrecen unha visión de conxunto da imprescindible contribución

da profesora García Negro ao coñecemento da figura e da obra de Rosalía de Castro. Aliás, o libro conta cunha introdución da tamén docente e investigadora da universidade coruñesa Carme Fernández Pérez-Sanjulián, responsábel da escolma e edición dos textos, ben como cun epílogo da catedrática emérita da Universidade de Maine Kathleen March, quen pon en valor o carácter precursor da investigación “pilariana” como construtora duns sólidos piares sobre os que descansa o rosalianismo actual.

As máis de cincuenta referencias relacionadas baixo a epígrafe “Para unha bibliografía rosaliana de M.<sup>a</sup> Pilar García Negro” poñen de manifesto non só a inmensa contribución da que vimos falando, senón tamén a dificultosa tarefa de selección levada a cabo pola profesora Pérez-Sanjulián. Convén pór en valor este labor, así como eloxiar a escolla textual realizada, que cumpre de maneira loábel o seu obxectivo principal de, por unha parte, reflectir os principais núcleos de interese do traballo rosaliano da autora homenaxeada e, por outra, pór a disposición dos lectores e lectoras traballos cuxo acceso pode resultar dificultoso na actualidade debido ao lugar ou ao soporte en que foron inicialmente publicados. En relación cos criterios de edición, cómpre indicarmos que os textos da antoloxía aparecen na súa versión orixinal, en tanto que a ordenación cronolóxica dos mesmos está atinadamente xustificada pola propia editora na introdución do libro: “a lectura secuencial dos seus traballos permite obter unha visión integral do seu discurso crítico en relación coa obra de Rosalía de Castro e constatar a relevancia da súas achegas analíticas e interpretativas no ámbito do rosalianismo” (p. 17).

As primeiras contribucións de García Negro no campo dos estudos rosalianos pertencen á década de 1980 e contaron cun indiscutíbel impacto, atribuído á súa propia “vontade de presentar unha imaxe de Rosalía e unha lectura da súa obra diferente á que naquel momento estaba asentada, tanto no nivel académico como no imaxinario colectivo” (p. 17). O volume inclúe cinco daqueles traballos de diferente índole, que dan conta do comezo dunha innovadora liña de lectura, análise, investigación e divulgación que se estende até o presente máis inmediato e cuxas formulacións e reflexións continúan plenamente viventes.

Os tres primeiros textos seleccionados na antoloxía son “Rosalía: a muller e a escritora”, publicado en 1980 no cartafol *As mulleres galegas polos nosos dereitos*, editado pola Comisión da Muller da Asamblea Nacional-Popular Galega, “Rosalía: unha lección para hoxe”, que aparecera no mesmo ano na revista *Festa da palabra silenciada*, e “Rosalía de Castro, a nosa primeira escritora nacional”, o cal formou parte da unidade didáctica *Rosalía: realidade e xenio*, elaborada en 1985 polo Colectivo de mulleres ensinantes en pro da coeducación, da Coruña. Para alén de destacaren a excepcionalidade da figura de Rosalía en todas as súas dimensións, todos eles reivindicaban a necesidade de revisar a súa obra con vistas a deconstruír os prexuízos existentes arredor dela. E na mesma dirección apuntan as seguintes dúas achegas desa primeira etapa investigadora de M.<sup>a</sup> Pilar García Negro que están recollidas neste libro: o texto “A orixinalidade de Rosalía”, contido no volume colectivo *Rosalía de Castro, unha obra non asumida*, que fora editado pola Agrupación Cultural Alexandre Bóveda en 1985, e

“Rosalía á luz de Mara”, relatorio presentado no histórico Congreso Internacional de Estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo, celebrado en xullo dese mesmo ano en Santiago de Compostela e que constituíu, sen dúbida, un verdadeiro punto de inflexión na investigación rosaliana.

Dando un salto no tempo até o século XXI, a antoloxía que nos ocupa inclúe unha serie de traballos realizados nos inicios do novo milenio que analizan de maneira preferente a dimensión feminista da figura e da obra da iniciadora do Rexurdimento galego. É o caso de “Rosalía de Castro: o valor dunha pioneira”, un artigo do ano 2003 publicado no volume *Escrita e mulleres. Doce ensaios arredor de Virginia Woolf*, onde García Negro parte das achegas da célebre escritora británica para botar luz sobre o feminismo rosaliano. Así mesmo, o artigo do ano 2004 “De Rosalía de Castro ás escritoras actuais: seguimento e contradición”, resultado dunhas xornadas sobre literatura de autoría feminina celebradas na Universidade de Estremadura, aproxímase á condición de muller e de galega da escritora de Padrón para conectala seguidamente con Luz Pozo, María Xosé Queizán, Marica Campo e Pilar Pallarés, dilucidando o que hai nestas “de subsolo poético común con Rosalía, de sensibilidade común, de semellanzas na ollada sobre o eu e sobre o mundo” (p. 95). E, do mesmo modo, no artigo “Una feminista en la sombra”, publicado en 2006 na revista *Arenal*, a investigadora luguesa afonda na omnipresenza da preocupación feminista no conxunto da produción poética e narrativa rosaliana.

A seguir, o libro recolle dous artigos publicados en 2010 con motivo da conmemoración dos 125 anos do

falecemento de Rosalía de Castro: “Historia xinocéntrica na obra de Rosalía de Castro: foro e faro” viu a luz no número monográfico “Actualizar a Rosalía”, que a *Festa da palabra silenciada* lle dedicou á autora do “Conto gallego”, ao tempo que “Rosalía de Castro, a fascinación de descubrir o coñecido” aparecía no suplemento editado pola revista *Galegos*, sob a coordinación da propia M.<sup>a</sup> Pilar García Negro, en homenaxe á poeta. Con todo, resulta evidente que os traballos non foron seleccionados por seren simplemente produto da referida efeméride. Polo contrario, ambos os dous ofrecen novas perspectivas críticas sobre a orixinalidade e o carácter pioneiro da escrita rosaliana, que no primeiro dos casos pasa por situar Rosalía de Castro, a través da lectura dos seus prólogos e doutros textos como “Lieders”, nunha xinea feminina universal na que se inclúen nomes como o de Safo, Juana de Arco ou Santa Teresa de Jesús. Por súa vez, o segundo dos traballos, como sinala acertadamente a editora do volume, “analiza Rosalía como inauguradora do ensaio en tanto que xénero literario; como reveladora da cuestión do xénero, no sentido sexual-identitario e, por último, como contestataria da semántica masculin(ist)a na ordenación do mundo e da sociedade” (p. 21).

Os cinco últimos textos seleccionados pola profesora Fernández Pérez-Sanjulián para esta antoloxía abranguen o período 2013-2022, incluíndo algunhas das máis salientábeis contribucións do corpus rosaliano de García Negro na última década. Os artigos “O ceo desde a terra na obra de Rosalía de Castro” e “‘Estranxeira na súa patria’, de Rosalía de Castro: a identidade negada na propia

terra,” publicados por vez primeira en 2013 e 2015 nas revistas *Maremagnum* e *Madrygal*, respectivamente, son exemplos de excelentes exercicios de crítica literaria. O primeiro deles constitúe “unha viaxe poética” (p. 166), segundo a propia investigadora, que examina, no cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos*, a presenza dos elementos supraterranis na poesía de Rosalía de Castro. Do mesmo modo, no que respecta ao artigo dedicado a “Estranxeira na súa patria”, atopamos nas súas páxinas unha renovada análise crítica que achega diversas claves interpretativas dun dos poemas centrais de *Follas Novas*.

Aínda así, neste conxunto de traballos académicos máis recentes tamén hai lugar para novas reflexións sobre a figura autorial rosaliana, mostra do cal son “Iusfeminismo de Rosalía de Castro como refundación de la ‘auctoritas’: autor, autoría, autoridad”, artigo do ano 2014 publicado na revista italiana *Studi Ispanici*, e “Un retrato de Rosalía de Castro a través de su correspondencia”, capítulo incluído no libro *Identidad autorial femenina y comunicación epistolar*, coordinado por María Martos e Julio Neira en 2018. E finalmente, a modo de colofón, encontramos o texto correspondente á introdución á edición do poemario *Follas Novas* dada ao prelo en 2022 (Fundación Rosalía de Castro), da que a propia García Negro se encargou. Concordamos coa profesora Pérez-Sanjulián en que este texto que pon o cabo “constitúe un acaído exemplo da orixinal, ao tempo que profunda, lectura da obra rosaliana que Pilar García Negro nos ten ofrecido ao longo destes máis de 40 anos e que ten contribuído de maneira capital á

reinterpretaoión da obra da nosa insigne escritora” (p. 22).

En síntese, estamos ante un libro que ofrece unha diversidade de perspectivas e claves interpretativas para lermos e entendermos Rosalía de Castro, no contexto da súa época mais tamén no seu sentido actual, na historia da literatura galega e universal mais tamén na súa dimensión política e social. A antoloxía –a través da diversidade de traballos que a conforma– coloca o foco no feminismo como eixo vertebrador do pensamento e da obra da escritora nacional de Galiza, unha visión que debemos hoxe ao labor de numerosos e numerosas especialistas, mais da que García Negro foi precursora e preclara creadora, grazas tanto aos seus estudos no ámbito académico canto ao seu labor pedagóxico desde as aulas, desde as páxinas da prensa e, en xeral, desde as tribunas públicas a que tivo e ten acceso. Por conseguinte, *Intenso e solidario feminismo. Estudos rosalianos* vai máis aló da homenaxe para se erixir nunha celebración do corpus pilariano, co loábel propósito de o divulgar para continuarmos aprendendo, quere dicir, escalando chanzos no (re)coñecemento público de Rosalía de Castro e da súa obra. Só resta, por tanto, agradecermos o presente e desfrutarmos da súa lectura.

Publicamos este oitavo número de *Follas Novas*  
grazas ao patrocinio do Concello de Ribeira



Concello  
de Ribeira



CASA DE ROSALÍA

A Matanza  
15917 Padrón  
+34 981 811 204

[www.rosalia.gal](http://www.rosalia.gal)

FUNDACIÓN  
ROSALÍA DE CASTRO